

D I T A M E

Ditame
6/13

sobre o anteproxecto de
Lei de accesibilidade



APROBADO POLO PLENO O 15 DE NOVIEMBRE



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

Juan José Gallego Fouz, secretario xeral
do Consello Económico e Social de Galicia,

CERTIFICO:

que o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en
sesión celebrada o día 15 de novembro de 2013, coa asis-
tencia dos membros que de seguido se relacionan,

Presidenta	<i>Corina Porro Martínez</i>
Secretario xeral	<i>Juan José Gallego Fouz</i>

GRUPO PRIMEIRO

UGT-Galicia	<i>José Carlos Rodríguez del Río</i> <i>Eladio Romero Ares</i> <i>Mar Alfonsín Madrigal</i>
CIG	<i>Fernando Acuña Rúa</i> <i>Xavier Rodríguez Fidalgo</i> <i>Natividade López Gromaz</i>
S.N. CC.OO.	<i>Adela Poisa Baños</i> <i>Juan Martínez García</i> <i>Demetrio Vázquez Martínez</i>

GRUPO SEGUNDO

CEG	<i>Rafael Serrano Hernández</i> <i>Verónica Val Vázquez</i> <i>José Manuel Maceira Blanco</i> <i>Areceles de Lucas Sanz</i> <i>Marta Amate López</i>
-----	--

GRUPO TERCEIRO

SLG	<i>Xosé Pérez Rei</i>
Confrarías	<i>Evaristo Lareo Viñas</i>
Consumidores	<i>Miguel López Crespo</i>
Universidades	<i>Angel S. Fernández Castro</i> <i>Sara Cantorna Agra</i>

acordou emitir o ditame que literalmente se transcribe de seguido.

“

ANTECEDENTES

1.- En data 15 de outubro de 2013 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame polo trámite de urxencia, o anteproxecto de lei de Accesibilidade.

Este organismo resulta competente para o ditame deste anteproxecto de lei en virtude das funcións recollidas no artigo 5 da súa lei de creación (lei 6/1995, de 28 de xuño). O devandito artigo establece entre as súas funcións a de emitir ditames de carácter perceptivo ou facultativo, atopándose entre os primeiros aqueles que versen sobre “*Anteproxectos de lei e proxectos de decretos lexislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socio-económicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia.* (...)”

2.- O texto do borrador foi remitido, en data de 16 de outubro, ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a devandita proposta. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O anteproxecto a ditaminar ven acompañado, entre outros documentos, da Memoria xustificativa e do Informe da Asesoría Xurídica Xeral.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 7/13, de data 7 de novembro, acordou aprobar a proposta de ditame e remítea á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

5.- A presidenta do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 5/13, do 15 de novembro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de lei de accesibilidade.

ESTRUTURA E CONTIDO

O presente anteproxecto de lei ten por obxecto garantir ás persoas con discapacidade a igualdade de oportunidades en relación coa accesibilidade universal e o deseño para todos respecto dos contornos, os procesos, bens, produtos e servizos, así como en relación cos obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, de xeito que os mesmos se fagan comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas, en igualdade de condicións de seguridade, comodidade e do xeito máis autónomo e natural posible.

O anteproxecto de lei consta de 70 artigos, agrupados á súa vez en catro títulos, referidos ao obxecto, principios e definicións da lei, ás barreiras arquitectónicas, no transporte e na comunicación, e ao símbolo internacional de accesibilidade, ás medidas de control e ao réxime sancionador. Asemade, contén sete disposicións adicionais, seis disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e tres disposicións finais.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

- O CES pronúnciase novamente ao respecto de que o recurso á tramitación do ditame pola vía de urxencia debería xustificarse convenientemente.

- Este consello comparte a necesidade de actualizar a lexislación autonómica no ámbito da accesibilidade, mais o anteproxecto prodígase en enunciados declarativos, cuxa tramitación adíase a un futuro desenvolvemento regulamentario. Nalgúns casos, parece axeitado ese recurso, pola complexidade técnica de concretar os preceptos, pero poderíase entender que se utiliza en demasía, desvirtuándose o alcance real da futura Lei.

Neste senso, o anteproxecto de lei debería establecer un prazo a actuacións tales como:

- A aprobación, por parte dos concellos, das normativas que garantan e favorezan a accesibilidade a persoas con mobilidade reducida con respecto ás tarxetas de persoas usuarias do transporte público

- A elaboración dos plans especiais de actuación de vías públicas que deberán facer os entes locais.

- Establecer o regulamento dos parámetros e características dos aspectos a ter en conta para facer accesibles os itinerarios.

- A regularización das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade ao igual que o plan de implantación progresiva de adaptación das infraestruturas e do material móbil existente.

O CES considera que o anteproxecto de lei, malia avanzar significativamente na consecución da accesibilidade universal, perde a oportunidade de concretar un contido normativo que dea resposta efectivamente ás intencións que reflicte a súa exposición de motivos.

Así, si ben o texto realiza un positivo exercicio de refundición de distintas disposicións vixentes en materia de accesibilidade, non introduce, sen embargo, os elementos necesarios para acadar á efectiva mellora da garantía de accesibilidade de toda a cidadanía a distintos servizos. Neste senso, debe agardarse que o desenvolvemento regulamentario afronte, dun xeito decidido, o cumprimento dos obxectivos sinalados pola exposición de motivos.

Finalmente, a falla de previsión de novos recursos orzamentarios que se deduce da memoria económica acentúa a preocupación sobre o alcance da futura lei.

- No presente anteproxecto, certas obrigas limítanse en función dos custos asociados ou das dificultades técnicas, esixíndose só nalgúns casos o ditame favorable da Comisión Técnica de Accesibilidade. Neste senso non se define a quen lle corresponde valorar se unha carga é ou non proporcionada, ou se un contorno é practicable.

No que respecta á condición de practicable, enténdese que, dada a mellora na accesibilidade pretendida coa presente norma, os criterios de “*practicabilidade*” deben ser excepcionais e estritos.

- O CES considera que sendo obxectivo da futura Lei de accesibilidade a mellora da atención das persoas que teñen limitacións no acceso á información, cómpre educar as habilidades necesarias para que esas persoas poidan comprender e usar esa información de forma significativa e, polo tanto, é preciso adaptar os sistemas de comunicación actuais para facelos accesibles ao conxunto da cidadanía. En consecuencia, este Consello entende que tanto a exposición de motivos, como o propio articulado, deberían ter en conta a todos os grupos de maior dependencia, ou de menor posibilidade de participación social, como a infancia, as persoas inmigrantes, as persoas maiores ou as persoas con máis discapacidades. Desde un primeiro momento débense deseñar e construír contornos psicoloxicamente comprensibles para todos, é dicir, contornos accesibles cuxas claves se deseñen pensando en todas as persoas con independencia da súa limitación ou discapacidade. Ao longo de todo o texto, realízase un considerable esforzo por eliminar as barreiras físicas e sensoriais e crear contornos accesibles para as persoas con discapacidade física ou sensorial, persoas maiores e outros cidadáns, pero faise pouca referen-

cia ás persoas con graves limitacións no acceso á información, como sucede coas persoas con discapacidade intelectual, un colectivo cuxas dificultades no acceso aos servizos son tantas ou maiores que as doutros colectivos que non reciben un mesmo tratamento neste texto.

- O CES considera que os avances regulados para os distintos ámbitos materiais non son homoxéneos, así é o caso das telecomunicacións ou do réxime de prestación de servizos ou comercialización de bens e produtos no mercado, especialmente por parte dos operadores privados. De feito, a pesar de que se sinala o avance neste campo, no eido das telecomunicacións as novidades circunscríbense a actuacións potestativas e no marco de convenios cos operadores, pero sen ampliar o xa previsto en materia de prestación do servizo universal por parte do operador dominante.

O CES considera que se deberían fomentar medidas tendentes a garantir unha mellora na accesibilidade a webs e servizos públicos e privados, así como facilitar o establecemento de programas dirixidos a avanzar no acceso universal por parte de todos os operadores de telecomunicacións.

- O CES entende que se debería avanzar no progresivo acceso en condicións de igualdade ao mercado de bens, produtos e servizos, fomentando a aplicación da futura norma a entidades privadas.

A xuízo do CES, resulta indispensable abordar medidas tendentes a paliar as dificultades coas que diariamente se atopan moitos galegos e galegas á hora de acceder ao mercado de produtos e servizos e que lles impiden contar con información adaptada, que non só lles permita coñecer as características daqueles senón tamén mellorar a súa capacidade de elección entre distintas opcións.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Exposición de motivos

Debería revisarse a redacción do apartado II da exposición de motivos, para evitar repeticións tales como as que se observan entre o oitavo e o décimo segundo e décimo terceiro parágrafos no citado apartado.

O devandito apartado II da exposición de motivos, no seu terceiro parágrafo, fai mención á necesidade dunha nova regulación normativa para as TIC; ao respecto o CES entende que a referencia realizada ás TIC non debe restrinxirse exclusivamente a persoas con discapacidade visual e auditiva, senón que deber estenderse ao conxunto das persoas usuarias destas tecnoloxías con independencia da tipoloxía da súa discapacidade ou limitación no seu acceso á información.

O último parágrafo do apartado II da exposición de motivos indica os obxectivos da lei. A este respecto, este consello entende que o último dos obxectivos recollidos *“facer realidade o concepto de accesibilidade e deseño para todos, nos procesos, proxectos, produtos e servizos, facilitando o uso universal de, (sic), con plena seguridade, do medio físico, evitando gastos posteriores evitables de eliminación de barreiras”*, debería modificar a súa redacción para non limitar a referencia ao medio físico, dada a existencia non só de barreiras arquitectónicas senón tamén de barreiras na comunicación ou actitudinais, tal como ven definido no artigo 3 do presente anteproxecto.

Artigo 3: Definicións

Os puntos 2º e 3º do apartado i) do artigo 3 definen, respectivamente, o apoio persoal e o apoio animal. Dado o carácter xeral e de permanencia que inspira a norma, enténdese innecesario referir exemplos nas devanditas definicións.

No punto 4º do apartado m) do artigo 3 defínese a discapacidade mental.

O CES entende que a expresión “(...) *necesidades no seu funcionamento psicológico e de socialización*”, debería substituírse por outra do teor de “(...) *necesidades de apoio psicológico e de socialización*”, por estimar esta última máis correcta.

Título I, capítulo I

Co obxecto de mellorar o grao de accesibilidade para todo tipo de persoas, estímase que os contornos salientados neste capítulo I deberían ser accesibles, manexables, informados, comprensibles e amigables para todas as persoas usuarias con independencia da tipoloxía da súa discapacidade ou limitación no seu acceso á información. Terase tamén en conta que a sinalización deberá ser comprensible.

Artigo 5: Accesibilidade en espazos públicos urbanizados

Tendo en conta que a norma obxecto de ditame ten, entre os seus obxectivos, acadar a adaptación gradual dos espazos públicos, para o que os entes locais terán que elaborar plans especiais de actuación, o CES entende que o segundo parágrafo do apartado 4 do artigo 5 debería redactarse de xeito que contemple que os proxectos de orzamentos deban conter, en cada exercicio orzamentario, consignacións específicas para o financiamento das adaptacións previstas nos plans especiais de actuación.

Artigo 8: Aparcamentos / Artigo 17: Reserva de prazas de aparcamento

O CES considera que a reserva de prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida debería regularse de xeito que se asegure a maior proximidade factible aos accesos peonís, sistemas de elevación e ramplas.

Artigo 11.2: Sinais e elementos verticais

Este consello estima que o grao de accesibilidade incrementárase incluíndo, dentro das características a establecer para sinais e elementos verticais, a de ser comprensibles. Por outra banda, os parámetros que como mínimo

deben acadar os ditos elementos deberían incluír, ademais dos expostos no citado artigo, a implementación de técnicas como a lectura fácil ou o emprego de pictogramas sinxelos.

Artigo 13: Outros elementos de mobiliario urbano

Na liña do sinalado na consideración anterior, enténdese que engadir a necesidade de que a sinalización regulada no apartado d) do punto 3 do artigo 13, sexa facilmente comprensible, melloraría a accesibilidade.

Artigo 14. Sinalización e información accesibles

Reiteramos a consideración deste consello en canto a que, en aras a mellorar o grao de accesibilidade para todo tipo de persoas, a sinalización e información deben ser accesibles e comprensibles, facilitando así mesmo a aplicación de técnicas de lectura fácil e de pictogramas sinxelos.

Artigo 16. Accesibilidade en edificios de uso público

En base aos principios de acceso universal e deseño para todos, o CES estima que os edificios de uso público deben ser accesibles para o conxunto das persoas usuarias dos mesmos, con independencia da tipoloxía da súa discapacidade ou limitación no seu acceso á información.

Artigo 19. Comunicación horizontal

A comunicación horizontal nos edificios públicos debería ter características que permitan a súa utilización autónoma a persoas con calquera tipo de discapacidade e os itinerarios de comunicación, ademais de accesibles, deberían ser tamén comprensibles, todo en aras de acadar un maior grao de accesibilidade.

Artigo 20: Mobilidade vertical

Co obxecto de acadar espazos máis accesibles e seguros, os elementos de información deberían permitir a orientación, e o uso das escaleiras, as ramplas e os sistemas de elevación a todas as persoas usuarias, con independencia da tipoloxía da súa discapacidade ou limitación no seu acceso á información.

Artigo 22: Reserva de espazos

O CES estima que, no apartado 1º do artigo 22, procedería mencionar que se indicará con claridade a localización dos asentos convertibles.

Artigo 25. Información e sinalización

Tal como se expón en consideracións anteriores, no que respecta á información e sinalización en caso de incendio, este consello estima que a información e a sinalización deben ser comprensibles, para todas as persoas usuarias, con independencia da tipoloxía da súa discapacidade, ou limitación no seu acceso á información, utilizando criterios de linguaxe sinxela ou lectura fácil.

Artigo 26: Seguridade en caso de incendio

O CES estima que no apartado 3 do artigo 26 debería concretarse a que norma deberá axustarse a sinalización para evacuación de persoas discapacitadas, tanto sinais ópticas, acústicas como táctiles, xa que o texto do anteproxecto só regula que se sinalizarán estes recorridos de maneira axeitada.

Artigo 27: Reserva de vivendas accesibles

Enténdese que no apartado 3 do artigo 27, debería regularse claramente que as promocións privadas de vivendas protexidas, promovidas por comunidades de propietarios, cooperativas de vivendas ou asociacións legalmente constituídas, só quedarán exentas do mínimo de reserva para persoas con discapacidade cando sexan de uso propio e residencia habitual e permanente.

Artigo 30. Normas Xerais. Transporte Público

Co obxecto de acadar un maior grao de accesibilidade e seguridade deberían incorporarse as obrigas tanto de garantir a accesibilidade da contratación do servizo de transporte, como a de incorporar sistemas de información comprensible, empregando métodos de lectura fácil e pictogramas sinxelos.

Artigo 34. Accesibilidade dos sistemas de comunicación e sinalización

Cara a acadar unha maior accesibilidade dos sistemas de comunicación e sinalización, este consello estima que se deberían de empregar sistemas de lectura fácil, así como adaptar os sistemas de comunicación para facelos accesibles e comprensibles para todas as persoas usuarias con independencia da tipoloxía da súa discapacidade ou limitación no seu acceso á información.

Artigo 41: Visado de proxectos técnicos

O artigo 41 esixe aos colexios profesionais que deneguen o visado aos proxectos que incumpran os preceptos da norma. Esta esixencia excede o ámbito competencial dos colexios profesionais, regulado pola Lei 2/1974, de 13 de febreiro, de colexios profesionais, que estipula que a competencia dos colexios é a de certificar a competencia profesional do técnico asinante para o traballo que se somete a visado, é dicir, a súa misión non é revisar o cumprimento das normas nos proxectos senón comprobar que o técnico responsable ten unha habilitación profesional concordante co que asina.

Artigo 49: Infraccións graves

En coherencia co preceptuado na letra f) do artigo 50, na letra f) do artigo 49 debería substituír a expresión “*da mesma infracción leve*” por “*dunha infracción leve*”.

Artigo 51: Sancións

O CES entende excesivo o importe máximo previsto (30.000 €) de sanción para unha infracción leve que, segundo o preceptuado no Art. 48, consiste en irregularidades meramente formais na inobservancia da normativa.

Artigo 52: Sancións accesorias

Co obxecto de proporcionar unha maior seguridade xurídica, o CES considera que o segundo apartado deste artigo debería prever a duración da medida sancionadora consistente na prohibición de concorrencia en procedementos de concesión de subvencións.

Artigo 53: Prescrición das infraccións / Artigo 54: Prescrición das sancións

Enténdese que deberían homologarse os prazos de prescrición das infraccións e das sancións.

Artigo 56: Graduación das sancións

Na letra h) do apartado 1 do artigo 56 alúdese, coidamos que incorrectamente, á palabra “*sentencia*”.

Artigo 60: Procedemento sancionador

No apartado 3 do artigo 60, enténdese que se debería recoller expresamente a posibilidade de recurso por parte da persoa ou persoas discapacitadas ou das súas familias, cando sexan elas as denunciante, ao efecto dunha mellor comprensión do alcance do precepto.

Artigo 69: O Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras

Considérase que a composición do Consello Galego para a Promoción da

Accesibilidade e a Supresión de Barreiras debería concretarse máis na propia lei.

A este respecto, debería terse en conta, tal como regula a Lei 17/2008, de 29 de decembro, a participación neste consello das organizacións sindicais e empresariais máis representativas.

Artigo 69: O Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras / Artigo 70: Comisión Técnica de Accesibilidade

Este consello estima que en ambos órganos debería establecerse unha porcentaxe de participación de persoas con discapacidade.

Disposición Adicional Segunda. Plans de evacuación e seguridade

Dada a vital importancia dos Plans de evacuación e seguridade, o regulamento que os desenvolva debería aprobarse nun prazo non superior aos seis meses.

Disposición adicional sétima: Vivendas de promoción pública

O CES estima que, no desenvolvemento regulamentario da presente norma, debería establecerse un prazo no que o interior das vivendas de promoción pública deba manterse sen distribución definitiva, co obxecto de adaptalo ás necesidades derivadas da concreta discapacidade da persoa adxudicataria.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Cómpre unha revisión lingüística en profundidade do texto do anteproxecto, xa que:

- Existen frases enteiras redactadas en idioma español.
- En materia de xénero, úsase frecuentemente o masculino xenérico e, noutros casos, recórrase á utilización de barras (o/a), solución que as propias normas da Xunta de Galicia só recomendan para o caso dos formularios.
- Utilízanse nas clasificacións letras inexistentes no noso alfabeto (o “j” e o “k”).
- Denomínanse dúas disposicións como “Derradeiras”, no canto da denominación correcta “Finais”, para non contradicir a definición que do termo “derradeira” fai a Real Academia Galega, fonte de autoridade na materia segundo a vixente Lei de normalización lingüística.
- Existen frecuentes erros ortográficos e frases mal construídas.
- En moitos casos, úsase incorrectamente a forma reflexiva do pronome “se”.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2013 ”

Vº. e P.
A PRESIDENTA

O SECRETARIO XERAL

Asdo. *Corina Porro Martínez*

Asdo.: *Juan José Gallego Fouz*



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

